

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

*ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal técnico.*

Convócase o proceso selectivo para cubrir unha (1) praza de técnico/a superior de proxecto (referencia ESPLAG-24-TSP1).

O proxecto que se vai desenvolver é o seguinte: *Enabling SParse training of LLMs on GPUs* (ESPLAG), que forma parte do proxecto *Innovative Algorithms for Applications on European Exascale Supercomputers* (Inno4scale), financiado pola Unión Europea dentro do programa *Horizon Europe*.

O prazo de presentación de solicitudes para optar a este posto será de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A modalidade contractual será un contrato temporal de duración determinada, a xornada completa, para a execución do proxecto financiado con fondos europeos, regulado polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación, en particular, pola disposición adicional quinta do Real decreto lei 32/2021.

As bases do proceso selectivo para esta praza están expostas na sede do Cesga (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web (<https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>).

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo publicaranse na páxina web do Cesga.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2024

Lois Orosa Nogueira  
Director xerente da Fundación Pública Galega  
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

